

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto Sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Vilartoxo
Localización:	A Baña e Val do Dubra (Coruña)
Promotor :	Green Capital Power S.L.
	Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2019/44
Data rexistro:	09.09.2021 (EslA+PS) e 19.05.2022 (Documentación complementaria)
Expedientes:	03.I.594.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA 3004/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 09.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos "*Estudio de Impacto Ambiental PE Vilartoxo, mayo 2021*" e "*Proyecto sectorial PE Vilartoxo, noviembre 2020*" nos concellos da Baña e Val do Dubra (A Coruña).

O 19.05.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 25.11.2021. Facílase a ligazón para descargar o documento nomeado "*Memoria Refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto do parque eólico Vilartoxo e accesos exteriores, mayo 2022, nos concellos de Ames, Brión, Negreira, A Baña e Val do Dubra (A Coruña)*".

ANTECEDENTES E FEITOS

- O 25.11.2021 a Dirección Xeral do Patrimonio cultural emite informe, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, sobre o alcance e contido dos documentos *Estudio de Impacto Ambiental PE Vilartoxo, mayo 2021* e *Proyecto sectorial PE Vilartoxo, noviembre 2020* nos concellos da Baña e Val do Dubra (A Coruña). Dito informe, establece a necesidade de que se achegue nova documentación co obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, tendo en conta as seguintes consideracións:
 - Deberanse facer as modificacións oportunas no deseño do proxecto eólico para evitar que se realice obra nova no entorno de protección dos xacementos Túmulo 01 Mámoa do Fondo do Val 1 e Túmulo 02 Mámoa do Fondo do Val 2.*
 - Ao obxecto de corrixir os erros detectados e poder clarificar a situación actual na que se atopan as Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra (GA 15007003 e GA 15007004 respectivamente), presentaranse fichas actualizadas destes bens e, se é o caso, modificarase a avaliación de impacto.*
 - Non se poderá utilizar o vieiro que afecta aos xacementos Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra GA 15007003 e GA 15007004, ni executar a gabiá de cableado polo contorno de protección dos mesmos.*
 - Verificarase en campo a posible presenza de bens arqueolóxicos nas coordenadas seguintes:*
 - Elemento 1: X-525495 e Y-4758030 (ETRS89/UTM F-29).*
 - Elemento 2: X: 525647 e Y: 4755991 (ETRS89/UTM F-29).*
 - Elemento 3: X: 525684 e Y: 4755987 (ETRS89/UTM F-29).*
 - No caso de confirmarse a presenza de bens arqueolóxicos novos, os seus contornos de protección quedarán libres de obra nova relacionada co parque, estableceranse as medidas correctoras oportunas, en ficha individualizada con descritiva de detalle.*
 - Corrixirase a planimetría presentada no Plano nº 11 Plan Básico do Proxecto Sectorial para que quede clara a relación que hai entre a Mámoa do Monte da Medorra 2 GA 15007004 con respecto ao aeroxerador VTX03.*



- *É necesario contar cunha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puidieran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.*
 - *Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade desde 2018.*
 - *A partir dos resultados destas actuacións arqueolóxicas a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.*
- O 18.04.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar un novo proxecto de *Prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Vilartoxo e accesos exteriores (Ames, Brión, Negreira, A Baña e Val do Dubra, A Coruña)*, dirixido polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía. Este proxecto de intervención recibe o código **CT 102A 2022/242-0**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022).*

Análise do documento

- *A Memoria refundida de Evaluación de impacto sobre el Patrimonio Cultural del proyecto del PE Vilartoxo y accesos exteriores, maio 2022 nos concellos de Ames, Brión, Negreira, A Baña e Val do Dubra (A Coruña), recopila e avalía a información xerada tralas modificacións realizadas no deseño do Parque eólico Vilartoxo a raíz do informe da DXPC de 25.11.2021.*
- Para a elaboración deste documento realizouse unha nova prospección arqueolóxica, dirixida polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar da empresa ZETA Arqueoloxía S.L., que foi autorizada pola DXPC co código **CT 102A 2022/242-0**.
- No apartado 4. *Datos técnicos de la obra* sinálase que o PE Vilartoxo, cunha potencia total de 27MW, segue a estar composto de 6 aeroxeradores do modelo SG-145 o similar de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5m de altura de buxa e 145m de diámetro de rotor; dunha torre de medición e dun centro de seccionamento.

A evacuación da enerxía xerada polo PE Vilartoxo segue a ser unha evacuación conxunta co PE Barrosino, proxectándose unha liña de media tensión a 30kV, que discorrerá dende o Centro



Seccionamento Vilartoxo ata a SET do PE Troitomil no termo municipal da Baña, obxecto dun proxecto independente en tramitación. Dende este parque partirá unha LAT 132kV, conxunta con outros parques do clúster, que evacuarán a enerxía ata a subestación colectora de Lousame 132/220 kV, e dende esta a través dunha LAAT 220kV conectarase á SET Lousame 220 da Rede Eléctrica de España.

De acordo co documento as modificacións realizadas concréntanse na:

- eliminación do viario e a gabiá de cableado que atravesa a área de protección das mámoas do *Monte da Medorra 1 GA 15007003* e *Monte da Medorra 2 GA 15007004*, e
- na modificación do viario de acceso ao paso polo contorno de protección da *Mámoa do Fondo do Val 1 Túmulo 01 inédito* e da *Mámoa do Fondo do Val 2 Túmulo 02 inédito* para minimizar a súa afección coa construción de novos viarios.

En total estímase que para levar a cabo o parque afectaranse 7.113m o que supón un incremento de 1.118m con respecto aos 5.995m previstos anteriormente. O ancho dos viarios seguirá sendo de 5m para tódolos eixos internos do parque e os eixos de xiro, e de 4m no caso dos accesos á torre meteorolóxica e ao centro de seccionamento.

A gabiá de cableado discorrerá, sempre que sexa posible, pola beira dos camiños e terá unha profundidade mínima de 1,3m dende a cota da rasante en terreo natural. Para as gabias en terreo cultivable esta cota incrementárase ata 1,6m. O ancho dependerá da cantidade de ternas a dispoñer na gabiá.

Por último, o devandito apartado 4, sinala cales son os accesos a empregar dende fóra da poligonal, os puntos críticos do percorrido a partir da simulación de manobra dos vehículos de transporte especial e as actuacións de acondicionamento que será necesario realizar. Neste senso, considérase que o inicio do percorrido proposto é a saída nº 7 da autovía AG-6 en Ames, dende a que se conectará coa estrada AC-544, sentido Negreira, ata chegar ao enlace coa AC-444; no núcleo de Ponte Failde, cóllese a estrada AC-406 e tras percorrer 3,5km chégase a poligonal do PE Vilartoxo. Este percorrido ten 16 puntos críticos nos que é preciso realizar algún tipo de actuación, unicamente os puntos nº 4, nº 11 e nº 16 causan afeccións arqueolóxicas.

- No apartado 7. *Organización del trabajo* sinálase que para a elaboración do documento leváronse a cabo as seguintes accións:
 - baleirado de toda a información patrimonial da zona de estudo (Inventario de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Catálogos dos planeamentos municipais, Plan Básico Autonómico, toponimia,...),
 - prospección arqueolóxica con carácter extensivo no ámbito de estudo do proxecto do PE e os accesos exteriores, e con carácter intensivo na banda dos 200m onde se van a levar a cabo obras de construción (as posicións dos aeroxeradores, os viarios acondicionados e de nova creación que se constrúan para acceder as obras, as zonas de amoreamento e a zona de instalacións).
- No apartado 8. *Elementos del Patrimonio Cultural* sinálanse 31 bens patrimoniais: 27 xacementos arqueolóxicos e 1 elemento arquitectónico, 2 etnográficos e unha vía cultural (**Camiño de Santiago-Camiño de Fisterra**).

Dos 27 elementos de carácter arqueolóxico, 19 atópanse dentro da poligonal e 8 están relacionados cos puntos críticos do acceso exterior, a saber:

- Dentro da poligonal temos a *Mámoa do Porto Rabeiro 1 GA 15088003*, *Mámoa do Porto Rabeiro 2 GA 15088004*, *Mámoa de Bugalleiras 1 GA 15088020*, *Mámoa de Bugalleiras 2 GA 15088029*, *Mámoa de Salgueiróns 1 GA 15007002*, *Mámoa do Monte da Medorra 1 GA 15007003*, *Monte da Medorra 2 GA 15007004*, *Bugalleiras GA 15007007*, *Mámoa de Salgueiróns 2 GA 15007009*, *Castro de Lañas/A Torre GA 15007015*, *Mámoa da Turrisqueira GA 15007066*, *Petróglifo de Pena Furada GA 15007070*, *Petróglifo de Monte da Calexia GA 15007071*, *Mámoa de Salgueiróns 3 GA 15007089*, *AC 15007002*, *AC 15007003*, *Mámoa do Fondo do Val 1 Túmulo 01 inédito*, *Mámoa do Fondo do Val 2 Túmulo 02 inédito* e o *Petróglifo do Gavis Petróglifo 01 inédito*.
- Relacionados cos puntos críticos do acceso exterior sinálanse o *Castro de Piñor GA 15002004*, *Duomes de Arriba AC 15007009*, *Mámoa de Vilar 1 GA 15007018*, *Mámoa de Vilar 2*



GA 15007019, Mámoa de Failde 1 **GA 15007067**, Mámoa de Failde 2 **GA 15007069**, Igrexa románica de Sta. María de Páramos **GA 15088038** e Mámoa do Campo de Covas **Túmulo 03 inédito**.

- No apartado 9. *Evaluación de impacto* analízanse os impactos que poden sufrir 14 xacementos, entre estes figura un elemento non recollido anteriormente o *Castro de Paramos* **GA 15088024**.

Elemento	Axente de Impacto	Medidas correctoras específicas e compensatorias	Impacto
Mámoa Monte da medorra 1 GA 15007003	Gabia de cableado a 50m ao N., fora contorno de protección PXOM	-----	Sen impacto
Mámoa Monte da medorra 2 GA 15007004	Gabia de cableado a 72m ao S., fora contorno de protección PXOM	-----	Sen impacto
Mámoa de Vilar 1 GA 15007018	Desmontes perfil estrada en punto crítico nº 11 a 205m ao N	-----	Sen impacto
Mámoa de Failde 1 GA 15007067	Non se considera xacemento	-----	Sen impacto
Mámoa de Failde 2 GA 15007069	Non se considera xacemento	-----	Sen impacto
Castro de Páramos GA 15088024	Acondicionamento de pista forestal a 197m ao SE, fora contorno de protección PXOM	-----	Sen impacto
Duomes de Arriba AC 15007009	Acondicionamento estrada (señais + hormigonado) 110m ao E. En punto crítico nº 4.	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Igrexa románica de Paramos GA 15088038	Limpeza voo da pala a 97m ao SW. En punto crítico nº 16.	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Mámoa de Campo de Covas Túmulo 03 inédito	Acondicionamento estrada (señais + hormigonado) 187m ao NW. En punto crítico nº 4.	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Mámoa de Porto Rabeiro 1 GA 15088003	Acondicionamento, sen ancheamento, de pista forestal a 14m ao W+gabia de cableado polo lado oposto	Control arqueolóxico presencial + roza de vexetación e levantamento topográfico	Moderado
Mámoa de Porto Rabeiro 2 GA 15088004	Acondicionamento, sen ancheamento, de pista forestal a 30m ao W+gabia de cableado polo lado oposto	Control arqueolóxico presencial + roza de vexetación e levantamento topográfico	Moderado
Mámoa do Fondo do Val Túmulo 01 inédito	Rectificación de radio de xiro a 73m NE+gabia de cableado lado oposto	Control arqueolóxico presencial + roza de vexetación e levantamento topográfico	Moderado
Mámoa do Fondo do Val Túmulo 02 inédito	Rectificación de radio de xiro a 51m NE+gabia de cableado lado oposto	Control arqueolóxico presencial + roza de vexetación e levantamento topográfico	Moderado
Petróglifo do Gavis Inédito	Acondicionamento, sen ancheamento, de pista forestal a 27m al W +gabia de cableado lado oposto	Control arqueolóxico presencial, limpeza, rexistro e levantamento topográfico.	Moderado

- Os elementos de carácter arquitectónico e etnográfico localízanse todos eles na estrada de acceso ao parque eólico e son os seguintes:
 - Igrexa románica de Páramos.** Vén analizada desde o interese arqueolóxico. A afección, impacto e medida correctora específica reflíctense na táboa anterior dos elementos arqueolóxicos.
 - Camiño de Santiago-Camiño de Fisterra.** A obra máis próxima é a actuación do punto crítico 03 na estrada de acceso, que cruza en viaduto por riba do trazado do Camiño. O



arqueólogo cualifica o impacto compatible e propón como medida correctora específica o control arqueolóxico e seguimento presencial das obras.

Outros elementos identificados na estrada de acceso AC-444, próximos ao punto crítico 05 son a capela da Peregrina (AR-15), a fonte (CP-06) e o cruceiro (CR-15).

- Ademais das medidas correctoras específicas sinaladas para os 10 elementos citados, no apartado 10. *Propuesta de medidas correctoras* fórmulanse as medidas xenéricas e específicas a desenvolver para corrixir as afeccións que se poidan producir sobre o patrimonio cultural. Como medidas xerais propónse:
 - control arqueolóxico das obras, sobre todo dos traballos de replanteo e remoción de terras a realizar nas proximidades dos elementos patrimoniais.
 - comunicación da localización de calquera obra non recollida no proxecto.
 - sinalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
 - balizamento con material non perecedeiro dos elementos patrimoniais antes do comezo das obras.
 - prohibición de realización remocións de terra non controladas nas inmediacións dos elementos de interese patrimonial.
 - restrición das obras a realizar no entorno dos xacementos ao proxectado.
 - No caso de que o proxecto afecte a algunha manifestación relevante e artelladora do territorio, como por exemplo os valados tradicionais, estes elementos serán conservados na medida do posible e rexistrados de forma exhaustiva no caso de afección directa.
- No subapartado 8.2. *Análisis de datos LiDAR* sinálase que se utiliza esta técnica para localizar de maneira precisa algúns elementos, para definir o perímetro e morfoloxía doutros de gran tamaño e para detectar anomalías que posteriormente son comprobadas en campo. Entre estas últimas aclárase que as anomalías citadas no informe da DXPC xa foran comprobadas nos traballos realizados no ano 2021 e que todas se corresponden con afloramentos rochosos.
- Como interesante novidade a memoria aporta unha *Aproximación a análise da paisaxe cultural* (subapartado 8.3) e un apartado de análise e valoración do *Patrimonio cultural inmaterial* (subapartado 8.4). Nestes apartados indícase a existencia dalgúns exemplos de valados de pedra en seco, de escaso interese, e propón como medidas correctoras xerais para os casos de afección directa o control e seguimento arqueolóxico das obras, rexistro detallado dos tramos afectados previo á súa desmontaxe e restitución, sempre que sexa posible, co mesmo material e sistema construtivo.

Unha vez analizado o documento, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e a información remitida pola empresa promotora, conséntase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno **existen bens** do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e polos viarios interiores do parque se non se adoptan medidas protectoras ou correctoras.
- A nova documentación **cumpre** cos requirimentos establecidos no informe de 25.11.2021 da DXPC no referente aos bens arqueolóxicos.
- As modificacións propostas nos viarios e na gabiá de cableado evitan a afección a área de respecto delimitada polo PXOM para os xacementos *Mámoa do Monte da Medorra 1* **GA 15007003** e *Mámoa do Monte da Medorra 2* **GA 15007004**. Con todo considérase necesario manter as medidas complementarias establecidas no primeiro documento de avaliación de impacto patrimonial, onde se establecía a roza e o levantamento topográfico destes elementos.
- Segundo a documentación planimétrica aportada as cimentacións do aeroxerador VL-03 atópanse a uns 98m ao Sur da *Mámoa do Monte da Medorra 2* **GA 15007004**, en todo caso fóra do ámbito de protección arqueolóxica do PXOM da Baña. Se finalmente se instala a devandita máquina o contorno de protección do devandito ben e mesmo o **propio xacemento** (área de protección integral) pasará a formar parte da zona de servidume do aeroxerador ao superpoñerse a cualificación de solo rústico de protección de infraestruturas a cualificación actual de solo rústico de protección patrimonial.



- Asemade, deberase ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, a miúdo enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens ou restos de interese arqueolóxico non detectados ate o de agora, que aínda non estean recollidos nos inventarios.
- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. Neste senso debemos recordar que, se finalmente se constrúe o aeroxerador VL-03, o contorno de protección e o propio túmulo *Mámoa do Monte da Medorra 2* **GA 15007004** quedarán dentro de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado a área de afección do devandito aeroxerador.
- Finalmente, hai que sinalar que existen elementos identificados polo arqueólogo na estrada de acceso AC-444, próximos ao punto crítico 05, que non foron avaliados e non se estableceron medidas correctoras.

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, infórmase de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental PE Vilartoxo, mayo 2021 e Proyecto sectorial PE Vilartoxo, noviembre 2020* nos termos municipais da Baña e Val do Dubra (A Coruña), debéndose ter en conta as medidas correctoras e compensatorias establecidas na *Memoria refundida de Evaluación de impacto sobre el Patrimonio Cultural del proyecto del PE Vilartoxo y accesos exteriores, mayo 2022*, e as seguintes condicións:

- Manteranse as medidas complementarias (roza e o levantamento topográfico) establecidas no primeiro documento de avaliación de impacto patrimonial sobre os xacementos *Mámoa do Monte da Medorra 1* **GA 15007003** e *Mámoa do Monte da Medorra 2* **GA 15007004**.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o **control e seguimento arqueolóxico** das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no documento de EslA. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- A tal fin, e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOGA núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA núm. 150, do 06.08.1997). O proxecto incluírá as medidas correctoras e compensatorias recollidas na *Memoria refundida de Evaluación de impacto sobre el Patrimonio Cultural del proyecto del PE Vilartoxo y accesos exteriores, maio 2022* e tódalas consideracións feitas neste Informe.
- Comunicarase aos Concellos da Baña e Val do Dubra a localización de novos elementos patrimoniais no seu termo municipal para que os inclúan no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio cultural. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas actualizadas e individualizadas daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras e que non foron identificados polo arqueólogo na planimetría. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.



- Os elementos identificados na estrada de acceso AC-444, próximos ao punto crítico 05, e que non foron avaliados polo arqueólogo nin se estableceron medidas correctoras, deben figurar na cartografía de obra, en especial pola súa proximidade ás obras: a fonte (CP-06) e o cruceiro (CR-15).
- En relación co Proxecto Sectorial:
 - Toda vez que a implantación do parque deriva na creación de solo rústico de protección de infraestruturas e que esta categoría se superpón puntualmente á de solo rústico de protección patrimonial, deberá solicitarse autorización a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a realización dos traballos periódicos de mantemento e limpeza que se efectúen no contorno de protección da *Mámoa do Monte da Medorra 2 GA 15007004*.
 - A **área de protección integral** do elemento arqueolóxico *Mámoa do Monte da Medorra 2 GA 15007004* non pode quedar afectada pola cualificación de solo rústico de protección de infraestruturas derivada da implantación do aeroxerador VL-03.
 - Incorporará as modificacións do deseño do parque eólico e incluírá un catálogo no que se identifiquen tódolos bens culturais sinalados no EsIA. O **catálogo** identificará os bens arqueolóxicos segundo a denominación e o código sinalado no *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia*; cada elemento irá acompañado das correspondentes coordenadas segundo o sistema UTM ETR89 fuso 29 (código EPSG 25829).
 - A proposta planimétrica de clasificación urbanística do proxecto sectorial **grafará tódolos** bens culturais co seus contornos de protección recollidos no EsIA e na documentación complementaria. A espera da definición das delimitacións de protección específicas dos Concellos da Baña e Val do Dubra e de acordo co art. 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, para os bens arqueolóxicos establecerase un contorno de protección subsidiario de 200 m medidos dende o vestixio máis exterior do ben.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou os Concellos previa concesión de licenza deberán remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

